

ACTA DA XUNTA ELECTORAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO

Con data de 27 de Xullo de 2.022, de forma telemática, tivo lugar a reunión para resolver os asuntos previstos no calendario electoral aprobado o 27 de maio de 2.022 polo Secretario Xeral para o Deporte, e concretamente no relativo elevación a definitivos dos censos, así como a súa reestructuración:

- 1. RELATIVO A ELEVACIÓN A DEFINITIVOS DOS CENSOS

Dispón o artigo 8.2. c) do Regulamento electoral que:

“Unha vez resoltos os recursos contra o censo electoral provisional, no caso de terse presentado, o de non existir estes, a Xunta electoral elevará, no día hábil seguinte, o censo electoral provisional a definitivo, sen que caiba impugnación posterior”

En virtude do exposto, e a consecuencia do trámite evacuado por esta Xunta na súa anterior reunión, que foi recollida na acta do 26 de Xullo de 2022, dita Xunta electoral mediante acordo eleva a definitivo o censo para as eleccións da Asemblea, Comisión Delegada e Presidencia da Federación Galega de Piragüismo.

- 2. RELATIVO A DISTRIBUCIÓN DO NÚMERO DE REPRESENTANTES

Visto o aprobado no anterior punto, e en consoancia co disposto no artigo 8.3 do Regulamento electoral que indica :

“Aprobado o censo electoral definitivo a xunta electoral deberá aprobar, no seu caso, os cambios que se deban facer na distribución inicial do número de representantes asignado a cada circunscrición electoral por estamento provisional.”

Reúnese a Xunta electoral para realizar a redistribución dos representantes en vista as solicitudes de elección de censo e estamento, quedando a asemblea formada da seguinte forma, en consoancia coa representatividade dos censos no referente aos estamentos e modalidades:

| | AUGAS TRANQUILAS | RIOS, TRAVESIAS E MARATON | AUGAS BRAVAS | CAIAC POLO | CAIAC DE MAR | TOTAL |
|-------------|------------------|---------------------------|--------------|------------|--------------|-------|
| CLUBES | 25 | 1 | 2 | 1 | 1 | 30 |
| DEPORTISTAS | 7 | 0 | 2 | 1 | 1 | 11 |
| DGAN | - | - | - | - | - | 1 |
| TÉCNICOS | - | - | - | - | - | 5 |
| ÁRBITROS | - | - | - | - | - | 3 |
| TOTAL | | | | | | 50 |

Polo tanto, e en vista dos censos, reclamacións e solicitudes de inclusión, esta Xunta electoral acorda que a representación dos estamentos e modalidades queda da maneira indicada no cuadro anterior.

Tomados ditos acordos, damos por evacuado o trámite correspondente ao artigo 8.2.c) e 8.3 do Regulamento Electoral para a elección de membros da Asemblea Xeral, Comisión Delegada e Presidencia da Federación Galega de Piragüismo, que foi aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte. Trámite que se refire a resolución das reclamacións e eleccións ao censo provisional.

Como se recolle no artigo 8.2.c) para a reclamación *frente a elevación do censo* a definitivo non cabe lugar a recurso. No referido o *trámite de redistribución do número de representantes dos estamentos e modalidades*, recolle o artigo 8.3 do mencionado regulamento que ante esta resolución poderase interpoñer recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de 3 días hábiles a contar dende o día seguinte a recepción da notificación desta resolución.

A PRESIDENTA




Fdo.: Valeria Romero Gómez

O VOGAL



Fdo.: Iván Ferro Herbón

O SECRETARIO



Fdo.: Eddie Freire Suárez